

Betanzos

navío ancrado

Adicado á memoria do meu vello amigo e compañeiro Vales Villamarín que tanto quixo a Betanzos.

Pirámide de séculos en laudas,
para levarte bogaron mar e río
e as loitas da invasión e poderíos.

Tamén para levarte,
sangraron as espadas
dos mouros e piratas,
nesta terra de artabros e de Brigo.

Santa María fixo de tí templo
e San Francisco corda pro navío
ancrado no nubeiro.

Romay e Brandariz foron "garelos"
o mesmo que Roldán e outros mariños.
Vales Villamarín é de Betanzos
e os Faraldo son fillos do Mandeo.
O Pobo dos Caneiros sempre ledo,
endexamáis se irá nin con saudades,
si emigra algunha vez será pro Ceo.

ENRIQUE CHAO ESPINA



Vales Villamarín visto polo seu sobriño Eduardo Muñoz Vales